


Datos da autora:

Helena Villar Janeiro
Rua dos Xazmins, 7-3º
(Santiago de Compostela)

Tlf. 587750



A X.L. García Mato, in memoriam.

... QUE TENEMOS QUE HABLAR DE MUCHAS COSAS,
COMPAÑERO DEL ALMA, COMPAÑERO.

(Miguel Hernández)

I

Chove en pingas de orballo noite pecha.

No estrelecido cume da voz morta

a terra é fría, descarnada a pedra,

desangrada a palabra, seca a folla...

Orfo de ti, traxedia das estrelas,

das longas tardes, dos mences fríos,

das veas de auga e terra, ceo e sombra.

Orfiño dos teus fillos,

a negra sombra alporizada e fera

rafañoute en gadoupas doutro incienso

de laios: sete fillos, sete berros,

sete rancos xemidos contra a morte.

Sete impotentes berros...

II

Ai, amigo,

púxolle a mao cansada dor ó trigo.

Ai, poeta,

vai a dor camiñando á noite pecha.

Compañeiro,

venta o laio na dor camiño negro.

Ai, amigo,
esmoreceu o sangue polo río.

Ai, poeta,
fóronse lúa e sangue, noite e néboa.

Compañeiro,
acocha a noite a dor no berce-seo.

Ai, amigo,
qué pichelas de morte funga o frío.

Ai, poeta,
qué carambelos-ferro trae a tebra.

Compañeiro,
chove trebón de morte no meu peito...

III

Dóeme parirche a morte

en palabras de seda.

Pero falabas ti de roldas nidias
que hai riba das estrelas,
que unen vivas ou mortas
as voces dos poetas;
dos nados de infinitos paristallos,
de mencedores de sol, de terra e tempo,
de voces da paisaxe,
de ubres de néboa, tebras, auga e vento,
de seren pedra mol en milenarios
camiños sin guieiro;
dos que están carne en carne, pedra en pedra,
mao saudosa no ar, tremor no berro,
dor en dor, choro en choro, pranto en pranto,
semente en cal de fel, firmeza en ferro;

dos que van pra nubeiros de solpores
verter sangue nas veas do silencio,
semeadores de espacios imposibles,
de terra en terra, de quietude en medo;
dos que van sin timón —rumo invisible—
buscar flor de cereixa desde o medio
da carne estrelecida en beizos moles
daquel paiaso-neno...

IV

Se cos teus ósos podo
tocar campás eternas,
mezcladas de silencio, tempo e terra,
déixame o corpo-trigo
pra facer del poemas, meu amigo.
Déixame o corpo-terra
pra soterrar as bágoas, meu poeta.
E pasarán cabalos e noitebras,
escumallos de mar embravecido,
foulas de neve, primaveras moles
enxertar este pranto peregrino
no peteiro dos merlos,
pra que teñas mencers infinitos
na eterna frauta, bágoa do silencio.